

MARCOS TABOADA GARCÍA

marcostaboada28@gmail.com

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ESPANHA

# PROCURA DE NOVOS MERCADOS PARA OS PRODUTOS AUDIOVISUAIS DA EUROREXIÓN GALICIA-NORTE PORTUGAL. ESTUDO DE CASO EN NEWARK

## RESUMEN

A investigación fundaméntase na presunción da necesidade dunha redimensión da industria audiovisual, xenericamente lusófona, mais nomeadamente galega e do norte portugués. Ao abeiro dos novos vieiros que a figura xurídica da AECT (Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza) fornece á eurorexión Galicia-Norte de Portugal, plantéxanse cuestións que atinxen á idoneidade de certos procesos de, ao mesmo tempo, concentración (ou concertación) empresarial e diversificación produtiva, tentando abranguer ao fío da potencial expansión, novos ámbitos de mercado, resultas dun plantexamento lingüístico-cultural que abre unha canle de distribución solvente de contidos pra unha poboación de arredor dos 250 millóns de falantes. Neste senso, a maiores da incidencia prevista nos mercados internos, resulta relevante a análise da proxección exterior desta industria, valéndose a tal efecto do estudo de caso que proporciona o continxente migracional de ambos territorios na localidade estadounidense de Newark. Amais das conclusións sobre do caso plantexado, procurase un duplo obxectivo: unha potencial introdución nos mercados internos xerais dese país; e a obtención dunhas xeralidades potencialmente extrapolables a outros posibles estudos posteriores en sociedades que compartan condicionantes semellantes.

## PALABRAS CLAVE

Euro-rexión Galicia-Norte Portugal; produción audiovisual; comunidades lusófonas

---

## INTRODUCCIÓN

A investigación, de carácter analítico-crítico, céntrase na presunción da necesidade dunha redimensión da industria audiovisual, xenericamente lusófona, mais nomeadamente galega e do norte portugués. Ao abeiro dos novos vieiros que a figura xurídica da AECT (Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza) fornece á eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal, plantexanse cuestións que atinxen á idoneidade de certos procesos de, ao mesmo tempo, concentración (ou concertación) empresarial e diversificación produtiva, tentando abranguer ao fío da potencial expansión, novos ámbitos de mercado, resultas dun plantexamento lingüístico-cultural que abre unha canle de distribución solvente de contidos para unha poboación de arredor de 250 millóns de falantes. Neste senso, a maiores da incidencia prevista nos mercados internos, resulta relevante a análise da proxección exterior desta industria, primeiramente cara outros territorios ou colectivos que garden vencellos coa eurrerrexión. Valémonos a tal efecto, do estudo de caso que proporciona o populoso continxente migracional de ambos territorios na localidade estadounidense de Newark, que nesta casuística albíscase como un exemplo paradigmático. En resposta ao contexto, os obxectivos débúllanse consecuentemente nunha ponderación de hipóteses que emanan dende a premisa principal: Absorbería a comunidade lusófona de Newark o consumo de produtos audiovisuais da eurrerrexión Galicia-Norte Portugal, sendo nese caso un mercado potencial de interese conxunto a explorar?

Resulta preciso sulñar a especial relevancia que adquire a comunidade galega, xa que ésta vese libre do peso postcolonial luso, presentándose chave cara o establecemento de contactos interculturais co ámbito hispanófono; á outra beira do Miño, logo do desmantelamento do aparello político imperialista, a cuestión lingüística e cultural tomou pulo, constituíndose como unha ferramenta aceptable e axeitada na arela do mantemento dunhas influencias coloniais que, como resultas, posibilitan a ampliación dunha base de mercado pra os contidos culturais. O concepto “lusófono”, de carácter poliédrico, nesta tesitura atopa o seu contexto na dinámica cultural emanada de todas as comunidades culturais saídas do antigo núcleo románico galaico-portugués, integrando así a comunidades con continxentes poboacionais que se vehiculan en portugués, así como tamén a Galicia e, consecuentemente as respectivas diásporas das referidas comunidades. Segundo José Eduardo Franco, “é um conceito plurissignificativo e encerra um ou vários projetos de posicionamento geoestratégico dos países de língua oficial portuguesa e/ou que têm o português como parte do seu

patrimonio lingüístico” (Franco, 2013). Como apunta tamén Laura Vidal, “o cenário mundial abre cada vez mais espaço para uma ação conjunta dos povos de língua portuguesa no sentido de afirmarem globalmente os seus valores culturais” (Vidal, 2013).

Incidindo na liña dunha pretendida intensificación das relacións lusófonas, tanto sociais, culturais, como tamén económicas, o Parlamento galego votou, en maio de 2013, a favor da toma en consideración dunha proposta legislativa popular avaliada por 17.000 firmas, que prevee a modificación da lei en trámite parlamenta, co obxectivo de incorporar, progresivamente, no prazo destes catro anos seguintes, a aprendizaxe de lingua portuguesa en todos os niveis do ensino regulado; ademais, pretende recoñecerse especialmente o seu dominio no acceso para a función pública e concursos de méritos. A resolución, que contou co apoio de todos os grupos da cámara, pretende pois, acrecentar e intensificar os vencellos co mundo da lusofonía e empregar o galego e as súas raíces comúns co portugués como potencial económico, non só co país veciño, senón con potencias emerxentes como Brasil. Precisamente, este texto redunda no apoio auspiciado, un día despois, tanto polos gobernos español e portugués, que aprobaron unha resolución conxunta no XXVI cume hispano-luso, no que reafirmaron o interese de seguir promocionando “o ensino das linguas española e portuguesa nos respectivos países veciños”. Diversos medios portugueses, entre eles a RTP, fixéronse eco da iniciativa popular para unir a Galicia co mundo lusófono. Todo isto sustanciouse na Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coa que a Xunta lembra a figura de Paz Andrade, quen chegou a exercer como vicepresidente da Comisión Galega do Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa, e que acreditaba que o “aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua de utilidade internacional” (Paz Andrade, 1968).

En canto á situación actual de desenvolvemento das políticas conducentes, resulta innegable certo grao de achegamento crecente, evidenciado tanto na empresa privada como nas institucións públicas. Sempre queda, nestes casos, a dúbida sobre da posibilidade dunha adecuación máis áxil e comprometida, agardando que este escenario con grandes ventaxas competitivas, poida estar máis perto nun marco de entendemento superador, como o derivado dunha colaboración denominada de “segunda xeración”, caso da AECT (Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza), inserida na dinámica propia da Comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal. Nese senso abundan as novas liñas de acción intensificadas por ambas

as rexións, caso da posta en marcha dun RIS3 (Estratexía de Especialización Intelixente) pra o desenvolvemento de proxectos conxuntos que den acceso a fondos europeos, a través do cal se plantexou no 2015, un catálogo de retos e proxectos conxuntos de sectores produtivos da Eurorexión, dando cabida entre os mesmos á valorización das industrias culturais.

O desenvolvemento dunhas II.CC. eurorexionais integradas é embrionario, como o evidencian fitos como que non foi ata outubro do 2015, que se plantexou de forma profesionalizada un Encontro de Cooprodución Galicia-Portugal (si que existiu, en edicións precedentes, un premio eurorexional). Esta situación de certa elementalidade vai mudando excesivamente paseniño, mais proxectos como o CREATIVA, partillado polo AGADIC e a Dirección Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués, comezaron a impulsar a obtención e sistematización de bases de datos referentes ao tema de estudo, subsanando unha anomalía da Eurorexión, mais tamén xa propia dos territorios que a conforman.

## DA VELLA GALLAECIA Á EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

A orixe e evolución do espazo cultural común presenta salientables trazos compartidos na súa ideosincrasia: cuestións vencelladas tanto ao territorio e aos poboadores, dende os tipos de asentamento, a cultura da pedra, ou o policultivo agrario e o minifundismo. As fondas raíces comúns, compartidas dende os comezos da civilización ata a Alta Idade Media, atoparon posteriormente, aínda após de sete séculos, o movemento do Romantismo, xuntamente co despegue cultural propio da Ilustración, avivándose os vencellos e as arelas dun entendemento con grande potencialidade cara o futuro, nesta paradoxalmente, fronteira máis antiga de Europa. Cando dende a vontade política artellada pola UE xurde a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, pra galegos e portugueses do norte representou un outro chanzo (especialmente nas zonas raianas), máis alá do que ata o de aquela só se evidenciara como un mercado potencialmente aglutinable. Nun contexto actual no que simultaneamente apreizamos procesos de globalización, ao mesmo tempo que integracións e descentralizacións estatais, dentro dunhas dinámicas de anovación na estruturación política, podemos consideralo unha efectiva oportunidade pra o subsanamento deses erros históricos auspiciados pola lóxica pragmática que sufriu a Europa da construción dos Estados modernos: anulación dos entes culturais ou conxuntos etno-lingüísticos preexistentes. As organizacións de cooperación transfronteiriza, como apunta Xulio Pardellas en *A Construción da*

*Eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal*, reveláronse “básicas para a construción europea desde abaixo, isto é desde as propias asociacións de axentes sociais e económicos” (Pardellas, 2008), enfatizando así sobre da importancia dun bo papel dos axentes sociais no desenvolvemento das euro-rexións e as comunidades de traballo, aproveitando a oportunidade comunitaria de operar nunha rede de gobernanza multinivel que permita unha práctica apegada á cidadanía. As iniciativas levadas a cabo baixo os planeamentos LEADER PLUS, EQUAL, ou os temporalizados INTERREG, dotaron dunha especial solvencia aos plans e programas de acción conxunta entre rexións fronteirizas, posibilitando a súa vez a xestión e o control das execucións ás propias Comunidades de Traballo da Euro-rexión, centrando así a política comunitaria nos intereses dos gobernos subestatais.

## CONCEPTUALIZACIÓN TEÓRICA DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL

A industria audiovisual pertence ás industrias creativas primarias, identificadas así a tal efecto nos estudos da Comisión Europea. Entendemos por industria audiovisual a produción de contidos con finalidade de comunicación pública, independentemente do medio (cine e televisión preferentemente), o soporte (film, video, arquivo dixital) e do xénero (ficción, documental, publicidade, etc). Segundo Turner (2010), inclúe “imaxes fixas como as pinturas e fotografías, imaxes en movemento tales como películas, televisión e vídeo, e grabacións de son da música, a voz, ou outros sons, ou como un componente de mover os documentos da imaxe” (p. 84); ou como indica a Comisión Europea, nun senso máis reducionista: “la producción y distribución de películas cinematográficas, actividades de radio y televisión, y los estudios de grabación”.

A maioría das necesidades estruturais da sociedade moderna encontran a súa satisfacción na xeralidade das Industrias Culturais; de aí que falemos dun mercado cultural, en tanto que a cultura adquire valor como produto de consumo. Lembremos que para Castells “las batallas culturales son las batallas del poder en la era de la información. Se libran primordialmente en los medios de comunicación y por los medios de comunicación” (1998, p. 382). Sinala tamén Víctor F. Freixanes, como “empresas e institucións de produción e difusión de cultura, constitúen as formas de produción de contidos simbólicos (información, coñecemento e valores) máis operativas do noso tempo. Tamén os axentes máis activos da socialización”, establecéndose “unha dialéctica difícil entre o global e o local, que caracteriza

tamén o noso tempo: as posibilidades de facer coexistir, mesmo convivir, os discursos diversos da identidade” (Freixanes, 2004). Neste contexto debemos reparar no imperativo mercantil, que ao igual que a nivel UE, é o motor do Eixo Atlántico: é a necesidade de dotarse dun maior mercado interno a que propicia, a través dos resortes nos que os poderes económicos inflúen (institucións, plataformas, ou medios de difusión) un replantexamento da sociedade. A expansión empresarial fomenta (incluso fundamenta) as vontades políticas dos territorios, moldeando as actitudes cívicas e culturais cara a formación de personalidades flexibles, en continua actualización e revisión do imaxinario colectivo proxectado polo poder económico. Esta concepción relega a cultura a un rol secundario que só se torna relevante propagandisticamente, cando os poderes a axitan pra obter máis facilmente os estatus acaídos ao momento que toca instaurar como “realidade social”, teórico reflexo da idiosincrasia do pobo: “en muchas ocasiones la historia es un proceso de ocultación y olvido” (Rodrigo Alsina, 2008).

As institucións artelladoras das transformacións promovidas dende a política, son protagonistas relevantes que marcan, dalgún xeito, o camiño das investigacións. Así, o Centro de Estudos Rexionais na súa Proposta de Programación bianual para o exercicio 2007-2009 priorizaba tres eixos fundamentais de actuación na construción do espazo común eurrerrexional, un deles era o seguinte:

promover o nacemento e consolidación de industrias culturais e creativas: actuacións da Axenda Estratéxica abrangidas 6.1., 7.3., 11.1., 15.5., 17.5., 19.1., 19.2., 20.1, 20.3, 20.4., 21.1.e 21.2. A existencia dun espazo cultural común é un dos patrimonios máis singulares que ten a nosa eurrerrexión e lle dan consistencia e identidade... O noso rico patrimonio cultural merece ser posto en valor mediante un sistema de innovacións que permita unha intensa aboraxa das novas tecnoloxías aplicadas as industrias culturais e creativas... É fundamental establecer conexións entre as estratexias culturais das Cidades do Eixo (de novo, a relevancia das Redes de Cooperación Cultural Transnacionais lusófonas)... Inventariar o censo de empresas (cuestión tamén concernida nesta investigación), entidades e asociacións deste sector, establecendo os grados de complementariedade existentes entre elas e indicando o tipo de políticas públicas que poden resultar incentivadoras dentro do ámbito competencial dos concellos. En todo caso, a creación e consolidación de circuitos culturais estables e compartidos debería ser o horizonte a perseguir nos diversos ámbitos das actividades artísticas, sempre desde unha

perspectiva eurrerrexional e cun decidido ánimo de proxección cara o mundo lusófono e hispano en xeral<sup>1</sup>.

Neste últimos anos, foise desenvolvendo unha industria audiovisual independente, que dadas as peculiaridades de produción do sector, baseadas na sucesiva materialización de proxectos prototípicos, resulta campo aboado ás incursións eventuais de dispares iniciativas cun maior ou menor grao de continuidade na actividade. Cómpre entón, na arela dunha análise do sector profesionalizado, acollerse a consideracións obxectivas que nos decantan pola toma en valor de empresas adheridas en alianzas estratéxicas do sector audiovisual. No caso galego falamos nomeadamente do CLAG (Clúster Audiovisual Galego), que conforma o groso da industria audiovisual galega, tanto en capital humano como en volume de negocio, contando no ano 2016 con 33 socios; no norte portugués, baixo o agrupamento no ADDICT (Agência para o Desenvolvemento das Industrias Criativas, entidade xestora do Cluster de Industrias Criativas da Região do Norte) dos máis de 100 asociados cos que conta, apenas cabe contar 10 empresas que teñan a produción de contidos audiovisual como actividade principal e continuada. Estas asociacións, dados os seus obxectivos de aproveitamento de sinerxias e potenciamento da competitividade dos produtos, ao mesmo tempo que mellora das vías de financiamento, evidencian o nivel de estruturación, complementariedade e desenvolvemento que debera operar no sector.

## ESTUDO DE CASO

Newark é a cidade máis poboada do estado de New Jersey, acadando recentemente os 280.000 habitantes. A elevada presenza de continxentes migracionais lusófonos, responde non só a portugueses e galegos, nun número superior a 40.000 residentes, senón tamén a outras colonias como a brasileira e a cabo-verdiana especialmente, que por contra das províntes da eurrerrexión, acusan un rápido crecemento actual, acadando así un censo total por riba dos 50.000, perto do 20% da cidade. O potencial impacto cultural podería abranguer as 100.000 persoas se temos en conta o continente hispano.

O obxectivo primario xustifícase no estudo da potencialidade de posibles novos mercados, fundamentados na conxunción de tres elementos

---

<sup>1</sup> Centro de Estudos Rexionais. Proposta de Programación bianual para o exercicio 2007-2009. Recuperado de <https://tinyurl.com/y8yp9vxg>

que aportan viabilidade: mercado de elevado nivel de consumo audiovisual; sociedades de poder adquisitivo relativamente alto; presenza relevante dos continxentes migracionais lusófonos. Amais dunha potencial introdución nos mercados internos xerais deses países, este plantexamento lingüístico-cultural, obviamente, non esquece a canle de distribución de contidos que, coa propia inercia, xérase cara unha poboación de arredor dos 250 millóns de falantes, a propia lusofonía.

A escolma audiovisual que serva pra avaliar o estudo de caso, debe responder ao deseño dun marco de análise, que obxectibe as barreiras na circulación das producións, así como a súa potencial expansión na área da lusofonía. Aténdese as diferentes alternativas de titularidade, formato e xénero; dando acollida a tratamentos temáticos que desenvolvan cuestións da realidade común, servindo mellor na arela de recabar datos cualitativos que o obxectiven. Trátase de identificar o grao de recoñecemento da realidade exposta por parte dos continxentes migracionais respectivos, tentando acadar conclusións que poidan resultar xenéricas, mais non esquecendo que se trata dunha análise de caso concreto, e que polo tanto cómpre contrastar en vindeiros estudos de caso.

## PANEL DE EXPERTOS

As entrevistas en profundidade fornecen o traballo de información concernente, tanto a nivel do corpus teórico, como viero apriorístico que guía as consecuentes actividades de análise de caso, ao modo dun ditame DAFO do mesmo.

Ao fío das entrevistas realizadas, podemos identificar certos aspectos que, plantexadas as posibles hipóteses, xeraron certos disensos, se ben en diferente grao de énfase, entre os ámbitos académico, profesional e institucional. Reflicítese, por exemplo, nas diferentes consideracións verbo das potencialidades da lusofonía como área xeolingüística e pluricultural específica, na tentativa dunha intervención activa na mundialización. Dende o ámbito académico acóllese cun maior interese, cunha perspectiva que prima a potencialidade futura: así, Margarita Ledo incide na definición dun espazo “internamente plural pero diferente doutros espazos a través dese instrumento de cohesión e representación que é a lingua, practicamente o único elemento de relación; e a lingua pasa polos produtos que a incorporen, nese sentido o audiovisual é un produto central”<sup>2</sup>; isto refórzase

<sup>2</sup> Entrevista conducida por Marcos Taboada con rexistro fonográfico a Margarita Ledo no día 3 de xuño de 2014.



co apuntado por Rosa Cabecinhas, quen entende que “ten potencialidades porque a lingua portuguesa está crescendo, por exemplo na internet é unha das máis usadas, e hoxe moito do consumo cultural faise en internet”<sup>3</sup>. Dende a perspectiva do ámbito institucional dase, porén, un posicionamento máis cauteloso e pragmático, quizáis máis froito do *status* actual de desenvolvemento: así, Dolores Meijomín, Responsable da Área audiovisual do AGADIC, opina que partimos da base de que, nesa casuística, o que se está é “fomentando xa unha coprodución internacional, dá igual que estemos nun ámbito dunha rexión lingüística, da lusofonía, interveñen dous, tres países diferentes...”<sup>4</sup>, reflexando deste xeito o carácter nada particular ou facilitador administrativa e lexislativamente, ao respecto doutras posibles coproducións. Sí foi posible, cando menos, albergar consenso arredor da pertinencia da intensificación dos vencellos culturais a través de respectivos Institutos da Língua; ao respecto do cal, a xerente do Clúster do Audiovisual Galego, Mar Varela, apuntou que, non obstante, “as empresas que producen con certa vocación de continuidade e de crear tecido industrial, non teñen esa responsabilidade... correspóndelle a este tipo de institutos fomentar ou promover que se incremente a pertenza ao ámbito lusófono”<sup>5</sup>; dende o mesmo ámbito, Joana Fins do ADDICT, recuncaba na febleza “do traballo que o Instituto Camões leva feito”. Xosé Lago, secretario da AECT, mostrábase autocrítico dende a perspectiva institucional ao non dar o pulo suficiente sobre esta cuestión, apuntando primeiramente a carencia en Galicia dun Instituto da Língua homologable ao Camões, “o Instituto Rosalía non funciona, o Instituto da Língua e outra cousa... si que sería bo traballo pra academia, que non fai esta tarefa”, aínda que recoñecendo que “as veces bastante fai con sobrevivir”, apunta con perspectiva de futuro, que “a propia lei Paz Andrade vai por ese camino”.

## CONCLUSIÓNS PRELIMINARES

A relevancia socioeconómica do estudo plantexado é dificilmente cuantificable. Faise dificilmente predicible, por non dicir inabordable, as implicacións que puideran advertirse, en tanto que aínda evidenciándose

<sup>3</sup> Entrevista conducida por Marcos Taboada con rexistro fonográfico a Rosa Cabecinhas no día 3 de marzo de 2015.

<sup>4</sup> Entrevista conducida por Marcos Taboada con rexistro fonográfico a Dolores Meijomín no día 15 de xaneiro de 2016.

<sup>5</sup> Entrevista conducida por Marcos Taboada con rexistro fonográfico a Mar varela no día 9 de outubro de 2015.

a potencialidade deste mercado conxunto, os atrancos culturais ou administrativos fan insospeitables os graos de converxencia posibles, do mesmo xeito que o decorrer que estimen os axentes implicados nun hipotético devalar empresarial, nun eido gobernado por superestruturas multinacionais que poden actuar de forma moi condicionadora. Evidénciase como obxectivo a cumprir, ao fío das explicitadas eivas atopadas nas bases estadísticas, a pertinencia do desenvolvemento dun observatorio dos medios de comunicación común da euro-rexión, non só sería unha ferramenta de precisión no ámbito de estudo, senón que tamén viría a cubrir parte das eivas achacadas ás fontes estadísticas portuguesas.

O escenario que se albisca no audiovisual depara unhas perspectivas e desafíos preocupantes para a pervivencia das industrias minorizadas, caso da galega, e aínda máis da *norportuguesa*. Principalmente o contexto económico negativo, co devalo que sobreviu á crise e os efectos desestabilizadores tanto dos vectores da oferta como da demanda, fixo emerxer unha dupla ameaza: nunha escala *macro*, co pulo dos entramados multinacionais e a súa diversificación de plataformas de emisión, quee resinten máis se cabe as estruturas empresariais do sector na Eurorexión; dende unha escala *micro*, tamén plantexa dúbidas o xurdimento de novas tecnoloxías democratizadoras en canto ao acceso aos medios de produción, coas consecuencias que isto conleva sobre a multiplicación e especialización da oferta.

A asunción automática do precepto eurorexional, en tanto que propio dunha perspectiva europeísta incitadora do fluxo transfronterizo, plantexaría un escenario que, aínda que integrador en canto a políticas e iniciativas, non solventaría nin os problemas galegos, nin moito menos os dunha industria dos de *alénminho* parcialmente fagocitada polo efecto lisboeta. Cumpriría reformular as bases sustentadoras dos sistemas de financiamento do eido audiovisual, dado que tanto as políticas públicas de subvencións, como a iniciativa privada e as súas dificultades de xeración de sinerxias, imposibilitan a expansión dun mercado eurorexional cara ao exterior, proxecto que podería encamiñarse por medio de calquera tipo de vencello ou figura mercantil que posibilite a posta en contacto de capital de ambas beiras do Miño. A exposición das conclusións amosan uns mesmos problemas estruturais e transversais; isto posibilita unha lectura integradora, non só dunha política específica das Industrias Culturais, senón que tamén da súa posible aplicación na gobernanza eurorexional. Retomaríase así o plantexamento da activación do sector privado das II.CC. que debера de servirse dese incentivo público que supón unha xestión autónoma e integrada ao mesmo tempo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Castells, M. (1998). *La era de la información. Economía, sociedad y cultura. Vol. 3 Fin de milenio*. Madrid: Alianza Editorial.
- Franco, J. E. (2015). Lusofonia e globaliza o: a possibilidade de refazer utopias. In M. L. Martins (Ed.), *Lusofonia e interculturalidade – promessa e travessia* (pp. 313-331). Recuperado de [http://www.lasics.uminho.pt/ojs/index.php/cecs\\_ebooks/article/view/2209](http://www.lasics.uminho.pt/ojs/index.php/cecs_ebooks/article/view/2209)
- Freixanes, V. F. (2004). Industrias culturais. Vasos comunicantes, vasos contaminantes. In X. L pez, M. Quintas & S. Pego (Eds.), *Actas do II Congreso galego audiovisual* (pp. 293-308). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / A Coru a: Academia Galega do Audiovisual.
- Pardellas, X. (2008). A construcci n da eurorrexion Galicia-Norte de Portugal. In X. Pereiro, L. Risco & C. Llana (Eds.), *As fronteiras e as identidades raianas entre Portugal e Espa a* (pp.197-203). Vila Real: UTAD.
- Paz Andrade, V. (1968). *O porvir da lingua galega*. Galiza: Circulo de las Artes.
- Rodrigo Alsina, M. (2008). Reflexiones sobre la comunicaci n intercultural. Recuperado de [https://www.researchgate.net/publication/242199903\\_REFLEXIONES\\_SOBRE\\_LA\\_COMUNICACION\\_INTERCULTURAL](https://www.researchgate.net/publication/242199903_REFLEXIONES_SOBRE_LA_COMUNICACION_INTERCULTURAL)
- Turner, J. M. (2010). From ABC to http: the effervescent evolution of indexing for audiovisual materials. *Cataloging & Classification Quarterly*, 48(1), 83-93. DOI: 10.1080/01639370903341919
- Vidal, L. (2013). *Porqu  a necessidade de uma conex o lus fona?* Comunicaci n presentada en el Congreso Internacional Interfaces da Lusofonia, Braga, 4-6 de julio de 2013.

### Cita o:

Taboada Garc a, M. (2018). Procura de novos mercados para os produtos audiovisuais da eurorrexion Galicia-Norte Portugal. Estudo de caso en Newark. In M. Oliveira & S. L.  vora (Eds.), *Livro de atas do XII Congresso da Lusocom – Cibercultura, regula o medi tica e coopera o* (pp. 27-37). Braga: CECS.